

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas, veciñas e veciños das rúas do Pexigo e de Santa Marta-Volta do Castro teñen alertado de que nesas zonas se están a producir delitos contra a propiedade, en vivendas e garaxes. Da comisión dalgún deses delitos, e do eficaz labor da Policía Local, temos coñecemento tamén a través dalgún medio de comunicación.


Máis alá do número e alcance dos delitos producidos, o certo é que se pode constatar nestas zonas un natural sentimento de inseguridade entre os residentes.

É evidente que a presenza da Policía nas rúas minimiza a posibilidade de que se repitan estes feitos e, en todo caso, reducen a sensación de inseguridade cidadá.

Por este motivo, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte **ROGO**:

Que nas zonas do Pexigo e de Santa Marta-Volta de Castro se intensifique, na medida do posible, a presenza da Policía Local e que, de acordo aos principios de coordinación e competencia, se lle dea traslado desta situación ao Corpo Nacional de Policía.

Santiago de Compostela, a 30 de outubro de 2015.



Asdo.: Agustín Hernández

Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela